

PROTOCOLO FRONTE Á COVID-19

- **TEMPERATURA:** toma a temperatura antes de saír da casa. Se é superior a 37,5°, permanece na casa, aínda que non presentes máis síntomas.
- **SÍNTOMAS:** se presentas síntomas compatibles coa COVID-19 (tose, febre superior a 37,5°, dificultade respiratoria, perda de olfacto, ...) ou estiveches en contacto nos últimos 14 días con persoas con COVID, íllate na casa e chama ao teu centro de saúde. Se os síntomas aparecen durante a actividade, avisa ao persoal da organización.
- **MÁSCARA:** o uso da máscara é obrigatorio durante todo o tempo que se permaneza dentro dos espazos onde se desenvolven as actividades. É importante colocala e quitala correctamente, desinfectando as mans antes e despois de poñela e quitala, e evitar tocala unha vez colocada. Non está permitido o uso de máscaras con válvula.
- **DESINFECCIÓN DE MANS:** é obrigatorio desinfectar as mans con xel hidroalcohólico antes de acceder aos espazos onde se desenvolven as actividades.
- **ETIQUETA RESPIRATORIA:** ademais da desinfección das mans, é moi importante evitar tocar os ollos, o nariz e a boca ao tusir e esberrar (incluso coa máscara posta), cubrindo a boca e o nariz con panos dun só uso ou coa parte interior do cóbado, e inmediatamente despois desinfectar as mans.
- **DISTANCIA DE SEGURIDADE:** é obrigatorio manter a distancia de seguridade de 1,5 metros durante todo o tempo que se permaneza dentro dos espazos onde se desenvolven as actividades, incluso coa máscara posta.

- **ASENTO ASIGNADO:** permanece sentado/a no asento asignado durante toda a actividade ata que o persoal da sala che indique que podes abandonala. Non intercambies o asento con outras persoas e, dentro do posible, evita tocar outras butacas, pasamáns e resto de elementos comúns dos espazos. Estará prohibido entrar ou saír do local mentres non o indique o persoal da organización e mentres a actividade estea en curso.
- **ASCENSOR:** o uso dos ascensores queda restrinxido para persoas con mobilidade reducida.
- **ASEOS:** os aseos só poderán usarse de forma individual.
- **ENTRADA, SAÍDA E CIRCULACIÓN:** respecta os sinais que indican o sentido de circulación dos locais e segue as instrucións do persoal para acceder e abandonar os espazos, evitando quedar parado nos corredores e portas para non obstaculizar o fluxo do resto de persoas e realizar as entradas e saídas de xeito organizado e sen aglomeracións. Respecta a hora de entrada indicada. Non está permitido ir saudar e felicitar aos conferenciantes, músicos e resto de persoal que imparte as actividades despois das mesmas para evitar concentracións e o excesivo retraso no desaloxo dos espazos.
- **MENORES:** os adultos que acompañen a menores de idade garantirán que estes respecten todas as normas indicadas.
- **ORGANIZACIÓN:** todos os locais e o seu contido atoparanse desinfectados antes de realizar as actividades e someteranse a unha nova desinfección despois de realizada. Co fin de garantir a seguridade dos usuarios e poder facilitar o rastrexo (se fose necesario), todas as actividades desenvolveranse cunha periodicidade de 15 días, respectando estritamente as limitacións de capacidade de cada espazo e realizándose un rexistro dos nomes e teléfonos de todos os asistentes. Non se usarán micrófonos de man nin se entregarán documentos en papel.